

## INFORME DE INTERVENCIÓN

### Aprobación inicial do Orzamento do exercicio 2018

#### 1. NORMATIVA APLICABLE

A normativa en virtude da cal se emite informe do expediente orzamentario para o exercicio 2018, é a que segue:

- Artigo 168.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei das facendas locais
- Artigo 18.4 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril
- Artigo 4.1.b.2º do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico da Administración Local con habilitación de carácter nacional

A normativa aplicable á elaboración e tramitación do expediente orzamentario e seguida por esta Intervención para a emisión do presente informe é a seguinte:

- Lei 3/2017, de 27 de xuño dos orzamentos xerais do Estado para 2017, prorrogados para o 2018
- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei das facendas locais (TRLFL)
- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (LOEOSF)
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local (LRSAL)
- Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local
- Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.
- Real Decreto Legislativo 5/2018, do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TRLEBEP)
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPGA)
- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local (LBRL)
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia (LALGA)
- Real Decreto-lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sostibilidade financeira das comunidades autónomas e as entidades locais e outras de carácter económico

- Real Decreto 500/1990, do 20 de abril (RP)
- Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, de réxime das retribucións dos funcionarios da Administración local
- Real Decreto 2568/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais
- Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación das policía locais
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno

## 2. ANTECEDENTES

Remítese a esta Intervención o proxecto do orzamento para 2018, composto da seguinte documentación:

### Artigo 165 TRLFL:

Estado de ingresos e gastos

Bases de execución

### Artigo 166 TRLFL:

Plan de investimento e financiamento para un prazo de catro anos (potestativo)

Anexo da débeda: o estado de previsión de movementos e situación da débeda comprensiva do detalle de operacións de crédito ou de endebedamento pendentes de reembolso ao principio do exercicio, das novas operacións previstas a realizar ao longo do exercicio e do volume de endebedamento ao peche do exercicio económico, con distinción de operacións a corto prazo, operacións a longo prazo, así como das amortizacións que se prevén realizar durante o exercicio

### Artigo 168 TRLFL:

Memoria da Alcaldía explicativa do contido do orzamento e das principais modificacións que presenta

Anexo do persoal da entidade

Anexo dos investimentos a realizar no exercicio

Anexo dos beneficios fiscais nos tributos locais contendo a información detallada dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos de cada entidade local

Anexo con información relativa aos convenios subscritos coas Comunidades Autónomas en materia de gasto social, con especificación da contía das obrigas de pagamento e dos dereitos económicos que se deben recoñecer no exercicio ao que se refire o orzamento xeral e das obrigas pendentes de pagamento e os dereitos económicos pendentes de cobro, recoñecidos en exercicios anteriores, así

como a aplicación ou partida orzamentaria na que se recollen, e a referencia a que os ditos convenios inclúen a cláusula de retención de recursos do sistema de financiamento ao que se refire o artigo 57 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local

- Informe económico-financieiro no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento
- Liquidación do orzamento de 2016
- Avance da liquidación do orzamento de 2017
- Avance da liquidación do orzamento de 2018

**Artigo 90.1 LBRL:**

- Cadro de persoal

### 3. INFORME

#### 3.1 Aspectos de legalidade

##### 3.1.1 Contido do expediente

A regulación do contido do expediente orzamentario está prevista nos seguintes preceptos:

- Artigo 165 do TRLFL, que fai referencia aos estados de gastos e ingresos, así como ás bases de execución
- Artigo 166 do TRLFL, que enumera os anexos do orzamento, que no caso do Concello de Rianxo, supón o anexo da débeda
- Artigo 168 do TRLFL, que fai referencia á seguinte documentación: Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co vixente; liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance da do corrente referida, polo menos, a seis meses do exercicio corrente; anexo de persoal; anexo de investimentos e informe económico-financieiro no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.

De acordo coa enumeración dos antecedentes expostos anteriormente, constátase o cumprimento do contido mínimo do expediente orzamentario:

- Si
- Non

##### 3.1.2 Tramitación

###### 3.1.2.1 Do orzamento

A tramitación que debe seguir o expediente orzamentario, unha vez completada a súa elaboración e previo informe desta Intervención, está prevista nos artigos 168 e 169 do TRLF e que pode resumirse así:

- Aprobación inicial polo Pleno
- Exposición pública, tras o seu anuncio no BOP, durante un período de 15 días hábiles. Durante a exposición pública, os interesados poderán examinar o expediente orzamentario e presentar reclamacións ante o Pleno.
- Resolución de reclamacións, no seu caso, polo Pleno no prazo máximo dun mes desde a finalización do período de exposición pública.
- Aprobación definitiva do orzamento polo Pleno. No caso de que non se presentasen reclamacións, o orzamento entenderase definitivamente aprobado tralo período de exposición pública.
- De acordo co artigo 8.1.d) da Lei de transparencia, deberá publicarse polo concello a información relativa a *“os orzamentos, coa descrición das principais partidas orzamentarias e a información actualizada e comprensible sobre o seu estado de execución e sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira das Administracións Públicas”*.

### 3.1.2.2 Do cadro de persoal

En canto á aprobación do cadro de persoal, a regulación é a que se indica no 127 e seguintes TRRL e tamén é de aplicación o TRLEBEP:

- **Sometemento a negociación**

As variacións que presenta o cadro de persoal con respecto do relativo a 2016 e prorrogado ao 2017 son as seguintes:

- Incrementáanse as prazas de Policía en dúas máis, de modo que aínda quedan sen ocupar de modo definitivo outras dúas. As prazas de policía teñen como obxecto a integración dos auxiliares de Policía no Corpo da Policía Local
- Unha das prazas de operario/a de limpeza, o PEEPR núm. 16, segue a figurar como laboral fixo e indícase que está incluída na oferta de emprego público
- A praza de arquitecto técnico resultou vacante neste exercicio.

Con respecto do cadro de persoal non hai máis variacións, unicamente que, como outro persoal incluíuse o posto de normalizador/a lingüístico/a, co fin de recoller a realidade de que o dito posto, que se cubriu no 2017 ao abeiro dunha subvención (01/05/2017), segue traballando e finánciase parcialmente neste exercicio cunha subvención anual que ascende a 12.000 € por un período de 12 meses, polo que está previsto que traballe ininterrompidamente durante todo o exercicio. No informe de Secretaría e Intervención do 07/12/2016 ás bases de selección púñanse de manifesto reservas na consideración de que o contrato resultante do proceso como de carácter temporal.

No caso do persoal funcionario mantéñense as mesmas vacantes, sen prexuízo do indicado:

- Arquitecto, que está incluída na oferta de emprego público de 2017

- Conserxe

A oferta de emprego público de 2017 foi obxecto de negociación cos representantes do persoal (expediente núm. 2017/X999/000346).

En canto á obrigatoriedade de negociación cos representantes do persoal, hai que ter en conta o artigo 37 TRLEBEP, que determina cales son as materias obxecto de negociación:

- a) A aplicación do incremento das retribucións do persoal ao servizo das Administracións Públicas que se estableza na Lei dos orzamentos xerais do Estado e das Comunidades Autónomas
- b) A determinación e a aplicación das retribucións complementarias dos funcionarios
- c) As normas que fixen os criterios xerais en materia de acceso, carreira, provisión, sistemas de clasificación dos postos de traballo e plans e instrumentos de planificación de recursos humanos
- d) As normas que fixen os criterios e os mecanismos xerais en materia de avaliación do desempeño
- e) Os plans de previsión social complementaria
- f) Os criterios xerais dos plans e fondos para a formación e a promoción interna
- g) Os criterios xerais para a determinación das prestacións sociais e pensións das clases pasivas
- h) As propostas sobre os dereitos sindicais e de participación
- i) Os criterios xerais de acción social
- j) As que así se establezan na normativa de prevención dos riscos laborais
- k) As que afecten ás condicións de traballo e ás retribucións dos funcionarios, cuxa regulación esixa unha norma con rango de lei
- l) Os criterios xerais sobre as ofertas de emprego público
- m) As referidas ao calendario laboral, horario, xornadas, vacacións, permisos, mobilidade funcional e xeográfica, así como os criterios xerais sobre a planificación estratéxica dos recursos humanos naqueles aspectos que afecten ás condicións de traballo dos empregados públicos.

Ningunha destas materias está presente coa aprobación do cadro de persoal, que se limita a incrementar as prazas de Policía Local e manter o resto de vacantes, recollendo as incluídas na oferta de emprego público de 2017.

O artigo 37.2 TRLEBEP enumera os supostos nos que a negociación está excluída:

- a) As decisións das Administracións Públicas que afecten ás súas potestades de organización.  
Cando as consecuencias das decisións das Administracións Públicas que afecten ás súas potestades de organización teñan repercusión sobre as condicións de traballo dos funcionarios públicos contempladas no apartado anterior, procederá a negociación das ditas condicións coas organizacións sindicais ás que se refire este Estatuto.
- b) A regulación do exercicio dos dereitos dos cidadáns e dos usuarios dos servizos públicos, así como o procedemento de formación dos actos e das disposicións administrativas.
- c) A determinación das condicións de traballo do persoal directivo.
- d) Os poderes de dirección e control propios da relación xerárquica.
- e) A regulación e a determinación concreta, en cada caso, dos sistemas, criterios, órganos e procedementos de acceso ao emprego público e promoción profesional.

A sentenza do Tribunal Supremo do 09/04/2014 (da sala 3ª) conclúe que *“debemos concluir na innecesariedade do proceso negociador na amortización, transformación e creación de prazas no cadro de persoal do ano 2010 con respecto ao de 2009, como pretendía a demanda. Na demanda alúedse a modificacións operadas na RPT, pero non consta que esta se impugnase, polo menos no recurso de instancia, senón só o cadro de persoal, que entendemos non afecta ás condicións de traballo ás que se refire o artigo 37 EBEP, polo que desestímase a pretensión”*.

A creación de prazas no cadro de persoal enténdese dentro da potestade de organización da entidade e, dado que non afecta ás condicións de traballo dos empregados, queda excluída do proceso negociador.

- **Supostos de ampliación do cadro de persoal**

O artigo 126 TRRL establece o seguinte:

*“1. Os cadros de persoal, que deberán comprender todos os postos de traballo debidamente clasificados reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, aprobaranse anualmente con ocasión da aprobación do orzamento e deberán responder aos principios enunciados no artigo 90.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril. A eles uniranse os antecedentes, estudos e documentos acreditativos de que axústanse aos ditos principios.*

2. Os cadros de persoal poderán ampliarse nos seguintes supostos:

a) Cando o incremento do gasto quede compensado mediante a redución doutras unidades ou capítulos de gastos correntes non ampliables.

b) Sempre que o incremento das dotacións sexa consecuencia do establecemento ou ampliación de servizos de carácter obrigatorio que sexan impostos por disposicións legais. O establecido neste apartado serao sen prexuízo das limitacións específicas contidas nas leis especiais ou conxunturais.

3. A modificacións dos cadros de persoal durante a vixencia do orzamento requirirá o cumprimento dos trámites establecidos para a modificación daquel”

Da oferta de emprego público de 2017 extráese que a creación das dúas prazas de policía no cadro de persoal de 2018 ten como obxecto manter o número total de empregados da Policía Local integrando aos auxiliares no Corpo de Policía. Polo tanto, tras o proceso selectivo, estas últimas prazas deberán amortizarse. Esta integración deriva da disposición adicional segunda da Lei 4/2007, do 20 de abril:

“Disposición adicional segunda. Integración dos vixilantes e dos auxiliares de policía ou interinos nos corpos da Policía Local

Os/as vixilantes e auxiliares de policía e o persoal interino cunha antigüidade mínima nestes postos de tres anos continuados na entidade local respectiva e, que no momento da entrada en vigor desta lei estean prestando servizos no concello de que se trate, integraranse no corpo da Policía Local xa existente ou no que se cree, previa superación, nun prazo de dous anos desde a entrada en vigor deste lei e por un máximo de dous convocatorias, dun concurso-oposición coa dispensa dos requisitos de idade e estatura”.

Polo tanto, entendo que a ampliación das prazas respecta o previsto no artigo 126 TRRL.

En canto ao incremento da masa salarial que se vaia producir como consecuencia do incremento retributivo, nas diferentes leis dos orzamentos xerais do Estado vense prevendo que a superación dos límites de incremento poderase producir en supostos de carácter singular e excepcional e como

consecuencia do número de efectivos, do contido dos postos de traballo e da consecución dos obxectivos. Polo tanto, este proceso supón a asunción de funcións propias dos policía, polo que pode xustificarse que estamos nestes supostos extraordinarios *polo contido dos postos de traballo* ao tratarse de supostos *de carácter excepcional e singular*.

- **Procedemento**

- Aprobación do cadro de persoal xunto coa aprobación do orzamento.
- Publicación do cadro de persoal no BOP, xunto co resumo do orzamento.
- Remisión ás Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma.

- **Cuestións relativas ao persoal**

Con ocasión da aprobación do cadro de persoal e do orzamento, que contén os créditos precisos para atender ás retribucións do persoal hai que poñer de manifesto unha serie de males de carácter estrutural dentro da xestión do persoal:

**- Carencia dunha relación de postos de traballo coa valoración retributiva segundo as funcións**

Neste informe reitérase o xa informado en relación a orzamentos de exercicios anteriores:

Debe sinalarse a falla dunha regulación municipal das retribucións do persoal laboral. Sen prexuízo das diferenzas que poidan presentar con respecto do persoal funcionario, dentro do propio persoal laboral non hai un acordo plenario que determine uns criterios para a asignación das retribucións de cada posto de traballo. Esta situación dáse tanto en relación ao salario base como en relación ás retribucións complementarias ou pluses, xa que non se establecen uns criterios homoxéneos en relación ao conxunto dos empregados municipais para a súa percepción. Finalmente, en relación á cuantificación da paga extraordinaria, tamén obsérvanse diferenzas, aducíndose á aplicación de diferentes convenios sectoriais. Así, no caso do persoal da área de Obras e Servizos aplícaselles o convenio que aplica un coeficiente de incremento á suma do salario base e antigüidade e, noutros casos, engádeselles un importe adicional. Faise esta consideración con ocasión do informe do orzamento para que se teñan en conta para adoptar as medidas precisas que regularicen esta situación, o que deberá tramitarse a través dun expediente separado do orzamento municipal.

**- Necesidade dunha ordenación dos postos de traballo**

Nos diferentes expedientes de horas extraordinarias/gratificacións, esta Intervención puxo de manifesto a existencia de traballadores/as que tendo formalizado un contrato para a realización de determinadas tarefas, ven facendo outras. É preciso atender a estas situacións a través da elaboración dunha RPT que reflecta os postos de traballo necesarios e que se proceda á súa cobertura mediante os procesos selectivos correspondentes.

Por outra parte, hai postos de traballo que están reservados á función pública de acordo co artigo 22 TREPga, que ademais prevé que, con carácter xeral, os postos de traballo das Administracións

Públicas desempeñaranse por persoal funcionario:

*“Artigo 22. Funcións e postos de traballo reservados ao persoal funcionario*

*1. Correspóndelle exclusivamente ao persoal funcionario o exercicio das funcións que impliquen participación directa ou indirecta no exercicio de potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais das Administracións Públicas.*

*2. En virtude do previsto no apartado anterior, as relacións de postos de traballo reservaranse necesariamente ao persoal funcionario:*

*a) Os postos que teñan atribuídas funcións que impliquen o exercicio de autoridade, fe pública ou asesoramento legal. En particular, enténdese que implican o exercicio de autoridade as funcións de policía administrativa, salvo as excepcións que poidan establecerse por norma con rango de lei.*

*b) Os postos que teñan atribuídas funcións que impliquen a realización de tarefas de inspección, fiscalización ou control. En particular, quedan reservados ao persoal funcionario aqueles postos con funcións que impliquen a realización de tarefas de fiscalización interna e control da xestión económico-financeira e orzamentaria.*

*c) Os postos que teñan atribuídas funcións que impliquen a realización de tarefas de contabilidade e tesourería.*

*d) Os postos que teñan atribuídas funcións que impliquen a realización de tarefas en materia de exacción de tributos.*

*e) Os postos que teñan atribuídas competencias para ditar actos de incoación, instrución ou resolución dos procedementos administrativos.*

*f) Os postos que teñan atribuídas funcións de inscrición, anotación e cancelación de datos nos rexistros administrativos.*

*3. Nos demais postos de traballo das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei desempeñaranse con carácter xeral por persoal funcionario, sen prexuízo do disposto no apartado terceiro do artigo 26.*

## **- Necesidade de proceder a procesos de consolidación**

A LOXE 2017 establecía no seu artigo 19.Un.6 -de carácter básico- establece unha taxa adicional á de reposición para reducir a temporalidade na Administración Pública:

*“6. As Administracións e sectores sinalados nas letras (...) O) (prazas de persoal que presta asistencia directa aos usuarios dos servizos sociais) e P) (prazas de persoal que realiza a xestión de prestacións e políticas activas en materia de emprego) e Policía Local, regulados no apartado Un.2 anterior, (...), así como o persoal que preste servizos en materia de xestión tributaria e recadación (...), ademais da taxa resultante do apartado Un.2 e 3, poderán dispoñer dunha **taxa adicional para a estabilización do emprego temporal**, que incluírá ata o 90 por cento das prazas que, estando dotadas orzamentariamente, estiveran ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente, polo menos, nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2016.*

**As ofertas de emprego que articulen estes procesos de estabilización, deberán aprobarse e publicarse nos respectivos diarios oficiais nos exercicios 2017 a 2019 e coordinaranse polos departamentos ministeriais competentes.**

*A taxa de cobertura temporal de cada ámbito deberá situarse ao final do período por debaixo do 8 por cento. (...)*

*Da resolución destes procesos non poderá derivarse, en ningún caso, un incremento de gasto nin de*



*efectivos, debendo ofertarse nestes procesos, necesariamente, prazas de natureza estrutural que estean desempeñadas por persoal con vinculación temporal. (...)*

*Ademais do previsto nos parágrafos anteriores, as Administracións Públicas poderán dispoñer nos exercicios 2017 ao 2019 dunha **taxa adicional para a estabilización do emprego temporal** daquelas prazas que, nos termos previstos na disposición transitoria cuarta do texto refundido do Estatuto básico do empregado público estean dotadas orzamentariamente e, desde unha data anterior ao 1 de xaneiro de 2005, estiveran ocupadas ininterrompidamente de forma temporal. A estas convocatorias seralles de aplicación o previsto no apartado terceiro da dita disposición transitoria.”*

Este precepto aféctalle tanto ao persoal laboral temporal como ao funcionario interino.

O concello presenta unha elevada taxa de temporalidade. Do cadro de persoal despréndense os seguintes datos (sen incluír outro persoal laboral que se contrata ao abeiro de subvencións ou por acumulación de tarefas):

Descrición	Nº prazas	Peso relativo	Nº orde
Funcionarios (salvo ocupado de modo interino)	27	27,84%	3
Funcionario (ocupado de modo interino)	1	1,03%	4
Laborais fixos (propiedade)	1	1,03%	4
Laborais indefinidos (sentenza)	1	1,03%	4
Laborais temporais en postos do PEEPR	35	36,08%	1
Laborais temporais non incluídos no PEEPR	32	32,99%	2
<b>Total</b>	<b>** Expressio n is faulty **</b>		

Polo tanto, a taxa adicional para a estabilización do emprego temporal é unha oportunidade para reducir a temporalidade no Concello de Rianxo, xa que nos últimos exercicios este tipo de procesos computaban dentro da taxa de reposición dificultando en gran medida este tipo de procesos.

#### **- Cobertura do posto declarado indefinido por sentenza xudicial**

O 23/06/2017 o Xulgado do Social núm. 2 de Santiago de Compostela ditou a sentenza 327/2017 no procedemento de despedido 823/2016 no que o demandante desempeñara en varios anos consecutivos o posto de traballo de tractorista de praias. Nesa sentenza declarouno fixo-descontinuo con carácter indefinido, polo que é necesario incluír a súa praza na oferta de emprego público de 2018 en aplicación do artigo 28 LEPGa:

*“1. As relacións de postos de traballo serán obxecto das modificacións necesarias para axustalas á creación de postos derivados de sentenzas xudiciais firmes que recoñezan situacións laborais de carácter indefinido, cando a persoa afectada non puidera adscribirse a un posto de traballo de vacante. (...)*

*2. Os postos de traballo creados en aplicación do previsto neste artigo incluíranse nas correspondentes relacións de postos de traballo como postos de persoal funcionario ou, excepcionalmente, de persoal laboral cando a natureza das súas funcións así o requira, e incorporaranse á oferta de emprego público, salvo que se dispoña a súa amortización.*

(...)

4. *Incorrerán en responsabilidade, nos termos previstos por esta lei, as persoas que coa súa actuación irregular dean lugar á conversión indefinida dunha relación laboral de carácter temporal ou a adquisición da condición de empregado público por unha persoa que non a ostentara”.*

Pola natureza das funcións desempeñadas, o tractorista de limpeza de praias ten o carácter de fixo-descontinuo, que se axusta á modalidade de contrato laboral co mesmo nome. No cadro de persoal figura como laboral e non funcionario, o que pode xustificarse precisamente por este carácter discontinuo, regulado no TRET.

### 3.1.3 Competencia e quórum

De acordo co artigo 22.2.e) LBRL, a competencia para a aprobación do orzamento reside no Pleno. Requírese maioría simple para a súa aprobación.

### 3.1.4 Fiscalización doutros aspectos de legalidade orzamentaria

#### 3.1.4.1 Gastos de persoal

- Actualización das retribucións dos gastos de persoal

O Anexo de persoal recolle os incrementos máximos previstos no proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado para 2018 no seu artigo 18. Dous: un aumento do 1,5 por cento respecto ás vixentes a 31/12/2017 e, no caso de que o incremento do PIB a prezos constantes en 2017 acadara ou superase o 3,1 por cento engadiríase con efectos de 1 de xullo de 2018, outro 0,25 por cento de incremento salarial.

Para o persoal laboral, o artigo 18.Tres proxecto LOXE 2018 establece que a masa salarial do persoal laboral incrementarase na porcentaxe máxima indicada no parágrafo anterior, entendendo por masa salarial a estes efectos, o conxunto das retribucións salariais e extrasalarais e os gastos de acción social devindicados polo dito persoal no ano anterior, en termos de homoxeneidade para os dous períodos obxecto de comparación.

En relación aos diferentes conceptos fixos da estrutura retributiva do persoal laboral, as previsións orzamentarias respectan os límites previstos. Non así en relación ás horas extraordinarias ou produtividades para retribuír tarefas de categoría superior:

Produtividade do persoal laboral:

Pro.	Eco.	O 2017	CI 2018	Incremento
231	15000	542,83	1.200,00	121,06%
241	15000	704,50	800,00	13,56%
341	15000	473,09	500,00	5,69%
931	15000	178,33	200,00	12,15%
9203	15000	262,63	400,00	52,31%
		<b>2.161,38</b>	<b>3.100,00</b>	<b>43,43%</b>

## Horas extras do persoal laboral:

Pro.	Eco.	O 2017	CI 2018	Incremento
130	13101	9.512,74	10.000,00	5,12%
151	13101	940,08	1.000,00	6,37%
163	13101	13.107,50	14.000,00	6,81%
171	13101	248,64	200,00	-19,56%
231	13101	1.613,84	3.000,00	85,89%
241	13101	2.427,60	3.000,00	23,58%
326	13101	756,48	0,00	-100,00%
334	13101	7.040,47	8.000,00	13,63%
341	13101	10.230,57	11.000,00	7,52%
342	13101	2.361,68	3.000,00	27,03%
432	13101	1.370,63	2.000,00	45,92%
931	13101	3.268,63	4.000,00	22,38%
932	13101	126,40	1.000,00	691,14%
1722	13101	541,45	1.000,00	84,69%
3321	13101	353,16	1.000,00	183,16%
9201	13101	0,00	1.500,00	
9203	13101	3.536,38	5.000,00	41,39%
334	13001	2.360,86	3.000,00	27,07%
		<b>59.797,11</b>	<b>71.700,00</b>	<b>19,91%</b>

- Acomodación ao Plan de axuste

De acordo co informe da Intervención ao Plan de axuste, estableceuse como medida núm. 1 de redución dos gastos de persoal. Na parte do documento relativo á cuantificación das medidas e axustes, prevese para o ano 2018 un aforro acumulado de 322,44 miles €. Do último informe de seguimento remitido ao Ministerio de Facenda (primeiro trimestre do ano 2018) resulta que o aforro acumulado non variou desde o 2014, cifrado en 283,29 miles €, un 12,14 por cento menos que a previsión.

A necesidade de persoal e a posibilidade de aprobar ofertas de emprego co incremento da taxa de reposición en determinadas áreas, suporá un incremento dos gastos de persoal empeorando os datos de aforro neste capítulo. Dado que o obxectivo de estabilidade orzamentaria acádase con datos globais, é posible compensar ese maior gasto con outras medidas de gastos ou ingresos. O cumprimento deste obxectivo analízase nun informe específico desta Intervención.

- Outros límites retributivos: artigo 7 do Real Decreto 861/1986

Por último con respecto aos gastos de persoal, hai que ter en conta as limitacións a determinados complementos –complemento específico, gratificacións e produtividade- do artigo 7 do RD 861/1986. O cumprimento de tales límites analízase nas seguintes táboas:

RETRIBUCIÓN BÁSICAS	325.891,73
CD	150.433,40
CE	179.441,54
PRODUTIVIDADE	4.300,00
GRATIFICACIÓNS	35.200,00
MASA RETRIBUTIVA GLOBAL	695.266,67
BASE APLICACIÓN LÍMITES	218.941,54

CONCEPTO RETRIBUTIVO	LÍMITE	IMPORTE ORZAMENTO	CUMPRE
COMPLEMENTO ESPECÍFICO	164.206,16	179.441,54	NON
PRODUTIVIDADE	65.682,46	4.300,00	SI
GRATIFICACIÓNS	22.894,15	35.200,00	SI

Como se ven producindo cada ano, non se cumpre a limitación ao complemento específico. A este respecto hai que resaltar que a normativa non establece consecuencias ante este incumprimento, pero ponse de manifesto esta circunstancia.

#### 3.1.4.2 Regra da afectación

De acordo ca normativa das facendas locais, os ingresos de capital son ingresos afectados a gastos de capital: é a chamada "Regra de afectación".

A comprobación do cumprimento farémola, en termos globais, comprobando que os gastos de capital (capítulos 6 a 9 do estado de gastos) son superiores ca os ingresos de tal natureza (capítulos 6 a 9 do estado de ingresos), xa que do contrario, estes estarían financiando gastos correntes:

GASTOS DE CAPITAL	INGRESOS DE CAPITAL
2.960.112,14	2.249.530,52

Si cúmprese a regra da afectación: á vista dos datos presentados, resulta que os ingresos de capital previstos financian exclusivamente gastos de tal natureza. A mesma conclusión pode extraerse do Anexo de investimentos.

#### 3.1.4.3 Bases de execución

En relación ás bases de execución realízanse as seguintes consideracións:

- Base 26<sup>a</sup>, regulación das subvencións.

Considero conveniente que se leve a cabo para cada tipo de axudas municipais, dada a súa heteroxeneidade (becas, premios, axudas de carácter social, axudas a entidades sen ánimo de lucro) a

elaboración de bases reguladoras específicas que atendan os aspectos particulares de cada tipo de achega.

Por outra parte, neste exercicio increméntanse, por unha parte, os beneficiarios de subvencións nominativas, así como o importe global. Debido á xeneralización de subvencións nominativas debería xustificarse suficientemente a utilización deste trámite excepcional. Considero que debe invertirse a situación e acudir, con carácter xeral, a procedementos de concorrencia competitiva, xa indicado na memoria do orzamento de 2016 e na deste orzamento, o que debería producirse sen máis dilación.

## 3.2 Aspectos de carácter económico

### 3.2.1 Suficiencia dos créditos iniciais

Dentro deste apartado teranse en conta os seguintes aspectos:

- Gastos de exercicios anteriores

Inclúese a consignación precisa para as facturas recibidas neste exercicio que deban aprobarse por recoñecemento extraxudicial. En relación ás pendentes de aplicar ao orzamento no exercicio anterior non están previstas de modo nominativo, polo que impúntanse aos créditos do exercicio corrente. As que están pendentes de pagamento a día de hoxe incluíronse na solicitude de subvención do POS+ 2018 adicional 1/2018. Para as que xa se tramitaron, dado que non se prevé unha consignación específica no orzamento de 2018 e consumen créditos para gastos previstos neste exercicio, poderá tramitarse un crédito extraordinario financiado con remanente de tesourería para gastos xerais en aplicación do superávit orzamentario.

- Resto de previsións de gastos

As previsións de gastos son axustadas, pero, a xuízo desta Intervención atenden aos gastos comprometidos e os de carácter estrutural, sempre que se leve a cabo polas diferentes un estrito control da súa execución orzamentaria. Indícase que realizouse unha simulación cos créditos iniciais do proxecto do orzamento xunto coa execución orzamentaria e tendo en conta as anulacións de transferencias que proceden coa entrada en vigor do orzamento.

Os datos da simulación reflíctense na seguinte táboa, debendo observar os datos da columna “Dispoñible (A-B)”. Hai que ter en conta os saldos de crédito dispoñible para cada nivel de vinculación. Cada un ven constituído polas filas que teñen o mesmo código na clasificación por programas (columna “Pro.”) e económica (columna “Eco.”). Por exemplo, a vinculación 13/2: está formada por todas as filas coa política de gasto 13 e capítulo 2 e o total dispoñible ascende a 5.250,25 €, polo tanto, os créditos definitivos son suficientes para atender ao gasto realizado.

Pro.	Eco.	Proxecto	Créditos Consignados	Créditos Gastados	Créditos Dispoñibles	Remanente Incorporado	Remanente Gastado	Dispoñible de Remanente (B)	Dispoñible (A - B)	MC financiadas con R.L.T. (C)
13	2	2015 4 6 1	6.387,18	6.387,18	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
13	2	2018 3 17 1	236,28	120,28	116,00	0,00	0,00	0,00	116,00	0,00
13	2	2018 3 22 1	47.503,21	47.503,21	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
13	2	2018 3 23 1	30.373,42	30.373,42	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
13	2		44.910,41	39.776,16	5.134,25	0,00	0,00	0,00	5.134,25	0,00

		<b>Total</b>							<b>5.250,25</b>	
--	--	--------------	--	--	--	--	--	--	-----------------	--

### Táboa da simulación:

Levou a cabo unha simulación da execución orzamentaria a data de hoxe co orzamento definitivo. A conclusión é que, en todos os niveis, os saldos dispoñibles son positivos. Non obstante, estes datos deben tomarse como unha aproximación, xa que coa entrada en vigor do orzamento habería que determinar se é preciso incrementar os RC de gastos de carácter periódico e permanente e ter en conta as facturas pendentes de aprobación.

Chámase a atención sobre os seguintes niveis de vinculación, para os que se considera que os saldos dispoñibles non serán suficientes para atender os gastos ata fin de ano, salvo que se tramiten modificacións de crédito. Tamén é certo que, de tramitarse un crédito extraordinario para os gastos pendentes de aplicación orzamentaria a 31/12/2017, os niveis de vinculación incrementaríanse, xa que a meirande parte dos ditos gastos aprobáronse en 2018.

- Seguridade, tráfico, protección civil e prevención de incendios: o saldo de crédito dispoñible da simulación ascende a 5.250,25 €

Pro.	Eco.	Proxecto	Créditos Consignados	Créditos Gastados	Créditos Dispoñibles	Remanent e Incorporado	Remanent e Gastado	Dispoñible de Remanent e (B)	Dispoñible (A - B)	MC financiadas con R.L.T. (C)
13	2	2015 4 6 1	6.387,18	6.387,18	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
13	2	2018 3 17 1	236,28	120,28	116,00	0,00	0,00	0,00	116,00	0,00
13	2	2018 3 22 1	47.503,21	47.503,21	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
13	2	2018 3 23 1	30.373,42	30.373,42	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
13	2		44.910,41	39.776,16	5.134,25	0,00	0,00	0,00	5.134,25	0,00

- Cultura: o saldo de crédito dispoñible da simulación ascende a 33.628,60 €

Pro.	Eco.	Proxecto	Créditos Consignados	Créditos Gastados	Créditos Dispoñibles	Remanent e Incorporado	Remanent e Gastado	Dispoñible de Remanent e (B)	Dispoñible (A - B)	MC financiadas con R.L.T. (C)
33	2	2017 3 22 1	9.922,50	9.922,50	0,00	3.085,50	3.085,50	0,00	0,00	0,00
33	2	2017 3 7 1	292,50	292,50	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
33	2	2018 3 15 1	29.111,75	29.111,75	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
33	2	2018 5 2 1	1.417,91	1.417,91	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
33	2		356.361,80	322.733,20	33.628,60	0,00	0,00	0,00	33.628,60	0,00

- Brigada de Obras e Servizos: o saldo de crédito dispoñible da simulación ascende a 46.955,96 €

Pro.	Eco.	Proxecto	Créditos Consignados	Créditos Gastados	Créditos Dispoñibles	Remanent e Incorporado	Remanent e Gastado	Dispoñible de Remanent e (B)	Dispoñible (A - B)	MC financiada s con R.L.T. (C)
9203	2		149.012,93	102.056,97	46.955,96	0,00	0,00	0,00	46.955,96	0,00

Por outra parte, indícase que as vacantes non están todas orzamentadas en 12 meses, debido a que non estarán ocupadas durante todo o exercicio, sendo moi probable que parte do seu crédito aínda quede sen executar. É importante ter isto en conta por varios motivos:

- Parte do crédito das vacantes vense utilizando para financiar achegas municipais de contratacións de persoal subvencionadas por outros organismos.
- Esta redución dos gastos de persoal na dotación orzamentaria das vacantes permitiu incrementar outros capítulos de gasto na elaboración do orzamento.

Polo tanto, no caso de que as ditas vacantes se cubran suporá unha maior necesidade de gasto corrente para financiar as retribucións do novo persoal e os gastos que utilizaban os créditos das vacantes mentres non se cubrían.

Nun medio prazo estímase, polo tanto, un maior incremento de gasto corrente, salvo que se compense mediante unha redución noutros programas.

### 3.2.2 Avaliación das previsións de ingresos

As previsións de ingresos son coherentes cos informes de Tesourería, polo que considero que están baseadas en criterios de estimación obxectiva e os incrementos propostos son asumibles como razoables.

Por outra parte, en supostos como os prezos públicos do Servizo de Axuda a Domicilio, que rexistra un aumento polo incremento do número de horas de prestación, existe unha correlación na toma de decisións que afectan á execución da actuación (incremento do número de horas ou a realización do curso) e que suporán unha redución de ingresos e que terá que traer consigo medidas correctoras do gasto, xa que, do contrario, poderían destinarse a outras actuacións.

No relativo ás transferencias e subvencións, están xustificadas pola súa concesión. Non obstante, de acordo co artigo 173.6 TRLFL a dispoñibilidade do gasto está condicionada á existencia do compromiso fidedigno da achega, polo que, de non estar concedida, o gasto non podería executarse.


### 3.2.3 Evolución dos ingresos e gastos correntes

En canto á evolución das operacións correntes reitérase o que xa se veu poñendo de manifesto en anos anteriores e é o maior crecemento que están a experimentar os gastos que os ingresos, o que pode supoñer unha redución do aforro neto e a capacidade de investimento con financiamento propio ou con endebedamento. Chámase a atención na existencia de proxectos que incrementarán os gastos fixos do concello:

- Incremento dos gastos de persoal mediante o incremento de prazas e a súa cobertura
- Próxima realización dunha valoración dos postos de traballo que corrixan situacións retributivas dos empregados municipais
- Aplicación do réxime de financiamento da gardería municipal (xa comezada no exercicio 2017) e que supón arredor de 44.000 € anuais
- Proxecto do centro de día, que figura no orzamento de 2018 cunha operación de endebedamento e,

posterior explotación, pendente de determinar e de avaliar a súa sostibilidade económica.

A evolución dos ingresos e gastos correntes nos tres últimos anos reflíctese no seguinte gráfico:



Cap	DRN 2016	DRN 2017	PI 2018	Variación 2016-17	Variación 2017-18
1	2.187.723,64	2.187.234,84	2.646.090,62	-0,02%	20,98%
2	44.623,00	30.269,26	43.391,94	-32,17%	43,35%
3	1.249.051,19	1.294.830,85	1.536.993,16	3,67%	18,70%
4	3.150.171,47	3.710.951,43	3.207.364,46	17,80%	-13,57%
5	602,07	1.038,93	1.000,00	72,56%	-3,75%
<b>Ingresos correntes</b>	<b>6.632.171,37</b>	<b>7.224.325,31</b>	<b>7.434.840,18</b>	<b>8,93%</b>	<b>2,91%</b>

Cap G	O 2016	O 2017	CI 2018	Variación 2016-17	Variación 2017-18
1	2.503.155,78	2.569.452,68	2.697.815,39	2,65%	5,00%
2	2.458.691,48	3.692.930,76	3.748.337,11	50,20%	1,50%
3	13.370,76	9.455,85	30.000,00	-29,28%	217,26%
4	119.273,95	135.107,16	248.106,06	13,27%	83,64%
<b>Gastos correntes</b>	<b>5.094.491,97</b>	<b>6.406.946,45</b>	<b>6.724.258,56</b>	<b>25,76%</b>	<b>4,95%</b>



DRN: dereitos recoñecidos netos  
PI: previsións iniciais de ingresos  
O: obrigas recoñecidas netas  
CI: créditos iniciais de gastos

A marxe existente entre ingresos e gastos correntes (aforro bruto) reduciuse desde 2016, especialmente no 2017, xa que os ingresos medraron un 8,93% fronte a un 25,76% dos gastos. Co orzamento de 2018 mantense un maior crecemento dos gastos sobre dos ingresos pero en menor proporción: un 4,95% dos gastos correntes fronte a un 2,91% dos ingresos correntes.

### 3.2.3 Aforro neto

O aforro neto é unha das principais magnitudes a ter en conta pola súa relevancia, tanto en materia de autorización de endebedamento, como por reflectir a capacidade de xerar recursos correntes tanto para novo endebedamento como para acometer investimentos.

A continuación preséntase o cálculo do aforro neto, definido no artigo 53.1 TRLFL:

*“(...) A estes efectos entenderase por aforro neto das entidades locais e os seus organismos autónomos de carácter administrativo a diferenza entre os dereitos liquidados por capítulos uno a cinco, ambos inclusive, do estado de ingresos, e das obrigacións recoñecidas polos capítulos uno, dous e catro do estado de gastos, minorada no importe dunha anualidade teórica de amortización da operación proxectada e de cada un dos préstamos e empréstitos propios e avalados a terceiros pendentes de reembolso.*

*O importe da anualidade teórica de amortización, de cada un dos préstamos a longo prazo concertados e dos avalados pola corporación pendentes de reembolso, así como a da operación proxectada, determinarase en todo caso, en termos constantes, incluíndo os intereses e a cota anual de amortización, calquera que sexa a modalidade e condicións de cada operación. (...)*

*No aforro neto non se incluírán as obrigacións recoñecidas, derivadas de modificacións de créditos, que sexan financiadas con remanente líquido de tesouraría. (...)”*

A DA 14<sup>a</sup> RDL 20/2011, do 30 de decembro modificou o cálculo do aforro neto modificando, á súa vez, o artigo 14 do RDL 8/2010, do 20 de maio. Asemade, a DF 31<sup>a</sup> da Lei 17/2012, do 27 de decembro, dos orzamentos xerais do Estado modificou a DA 14<sup>a</sup> RDL 20/2011 desde o 1 de xaneiro de 2013 e con vixencia indefinida no seguinte sentido:

*“Para a determinación dos ingresos correntes a computar no cálculo do aforro neto e do nivel de endebedamento, deducirase o importe dos ingresos afectados a operacións de capital e calquera outros ingresos extraordinarios aplicados aos capítulos 1 a 5 que, pola súa afectación legal e/ou carácter non recorrente, non teñan a consideración de ingresos ordinarios”.*

Para calcular a anualidade teórica de amortización é preciso tomar como referencia un tipo de euríbor. No 2018 esta taxa segue a manter valores negativos experimentando un leve incremento en xuño, segundo os datos do Banco de España. Aplicando o principio de prudencia situaremos o tipo do euríbor aos efectos de calcular a anualidade teórica de amortización nun 0,01%.

19. TIPOS DE INTERÉS

A) Tipos de Interés legales

19.1 (1ª parte) Tipos de Interés legales, euribor, mibor y otros tipos de referencia (a)

Mercado hipotecario: Tipos de referencia oficiales										Otros tipos de referencia del mercado hipotecario				Fecha publicación	
Interbancarios		Tipo medio préstamos hipotecarios Adquisición vivienda libre		Hipotecas Renta fija a cinco años		Deuda Pública Rendimiento índice sectorario entre 2 y 6 años		Tipo referencia de compra de acciones (Indicador CEECA)		Tipo medio préstamos hipotecarios a más de 6 años		Adquisición de vivienda (Indicador DUTPP de 42/1991)		BCE	
mibor a un año	euribor a un año	A más de 3 años EMI de 2000 España	Entre 1 y 5 años EMI de 2000 Zona euro	Entre 1 y 5 años EMI de 2000 España	Entre 1 y 5 años EMI de 2000 Zona euro	Entre 2 y 6 años	Entre 2 y 6 años	(C)	(K)	(L)	(M)	(N)	(O)	Tipo, 6 2,5 y 7 años	Ratio tipos euribor 3 y 6 años
(1)	(2)	(3)	(4)	(5)	(6)	(7)	(8)	(9)	(10)	(11)	(12)	(13)	(14)	(15)	(16)
15	M	0,168	0,169	2,212	2,274	0,340	0,326	---	---	---	---	---	---	---	---
16	M	-0,034	-0,034	1,962	2,053	0,091	0,307	---	---	---	---	---	---	---	---
17	M	-0,145	-0,145	1,910	1,910	0,200	0,138	---	---	---	---	---	---	---	---
17	May	-0,127	-0,127	1,947	1,900	0,208	0,205	---	---	---	---	---	---	2,06-17	20-06-17
	Jun	-0,149	-0,149	1,913	1,900	0,180	0,187	---	---	---	---	---	---	4-07-17	20-07-17
	Jul	-0,154	-0,154	1,929	1,910	0,207	0,193	---	---	---	---	---	---	2-08-17	19-08-17
	Ago	-0,156	-0,156	1,963	1,910	0,238	0,142	---	---	---	---	---	---	2-09-17	20-09-17
	Sep	-0,168	-0,168	1,873	2,000	0,188	0,104	---	---	---	---	---	---	3-10-17	19-10-17
	Oct	-0,180	-0,180	1,904	1,930	0,233	0,074	---	---	---	---	---	---	3-11-17	18-11-17
	Nov	-0,189	-0,189	1,910	1,900	0,203	0,066	---	---	---	---	---	---	2-12-17	20-12-17
	Dic	-0,190	-0,190	1,902	1,930	0,237	0,073	---	---	---	---	---	---	3-01-18	18-01-18
18	Ene	-0,189	-0,189	1,936	1,860	0,269	0,070	---	---	---	---	---	---	2-02-18	20-02-18
	Feb	-0,191	-0,191	1,950	1,870	0,400	0,090	---	---	---	---	---	---	2-03-18	20-03-18
	Mar	-0,191	-0,191	1,895	1,880	0,425	0,108	---	---	---	---	---	---	3-04-18	19-04-18
	Abr	-0,190	-0,190	1,955	1,840	0,381	0,119	---	---	---	---	---	---	4-05-18	19-05-18
	May	-0,188	-0,188	1,892	1,850	0,381	0,119	---	---	---	---	---	---	2-06-18	20-06-18
	Jun	-0,191	-0,191	---	---	0,319	0,136	---	---	---	---	---	---	3-07-18	---

(a) Los datos de los tipos de referencia oficiales del mercado hipotecario (Orden EHA/2899/2011 y CBE S/2012) tienen carácter oficial al publicarse en el Boletín Oficial de Estado. Hasta ese momento son provisionales y su difusión en este cuadro se realiza a efectos informativos exclusivamente.

(b) Este tipo se corresponde con el elaborado y publicado por el Banco Central Europeo desplazando un mes a efectos de su utilización como tipo de referencia del mercado hipotecario.

(c) Este tipo dejaron de tener la consideración de tipos de referencia oficiales del mercado hipotecario para las operaciones formalizadas después de la entrada en vigor de la Orden EHA/2899/2011, de 26 de octubre. La Ley 14/2013, de 27 de septiembre, establece que a partir del 18 de noviembre estos tipos dejan de publicarse. Las referencias a estos tipos serán sustituidas según lo recogido en la Disposición adicional decimoquinta de la citada ley.

Para cuantificar a anualidade teórica de amortización pártese de varios presupostos relativos aos préstamos:

- No caso do préstamo do BBVA 9555014584, dado que houbo varias amortizacións anticipadas que supuxeron unha redución da cota trimestral, utilízase o capital vivo a 31/12/2017 xunto co período que, desde esa data, resta para o vencemento do préstamo. ta circunstancia permite calcular de acordo coa realidade.

- No caso do préstamo proxectado para a adquisición do Pazo de Rianxiño tómake baixo un criterio de prudencia un tipo de xuro do 2%. En canto á súa duración pártese de varios datos:

- As táboas de amortización fiscal sitúan a vida útil dos *Edificios comerciais, administrativos, de servizos e vivendas* nun coeficiente lineal máximo do 5% e un período máximo de anos de 100. A vida útil media deste tipo de inmoables sería de 75 anos.
- De acordo co informe de viabilidade da arquitecta en asistencia técnica do 02/04/2018 relativo ao Pazo de Rianxiño, a concesión da licenza para a rehabilitación deste inmoable tivo lugar en 1996. O informe de taxación de Tinsa indica que a última reforma importante do inmoable tivo lugar fai 22 anos aproximadamente. Se se toma un período de amortización de 75 anos e tendo en conta que xa terían transcorrido 22, restarían 33 anos para finalizar a amortización da rehabilitación do inmoable.
- O informe de taxación de Tinsa toma como referencia para o período da explotación do centro de día, 31 anos, correspondéndose 30 coa explotación e o primeiro coa reforma e dotación de equipamento.
- O artigo 29.6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro establece que se a concesión dos servizos rebase o prazo de 5 anos, a duración máxima non poderá exceder do tempo que se calcule razoable para que o concesionario recupere os investimentos realizados para a explotación. Non obstante, para o suposto das concesión de servizos non sanitarios, a duración non poderá superar os 25 anos.

Polo tanto, os prazos que se manexan son:

Suposto	Anos
Tempo que restaría para a amortización do inmovible tomando como referencia a vida útil media de 75 anos	33
Período de explotación do inmovible como centro de día segundo o informe de Tinsa	30
Período máximo para a concesión de servizos non sanitarios (LCSP)	25

Aos efectos do período de amortización do préstamo, ligado á vida útil do inmovible ou á explotación do servizo, tomaríase en base aos prazos indicados. Seguindo un principio de prudencia, tomaríase o menor prazo: 25 anos, por aproximación. De todos os xeitos, este cálculo faise aos efectos de determinar a anualidade teórica de amortización do préstamo, de modo que non vincula para a súa fixación no expediente de préstamo.

Baixo todas estas hipóteses, o cálculo da anualidade teórica de amortización sería:

Entidade	Préstamo	Importe formalizado/pendente a 31-12-2017	Tipo xuro	Periodicidade na liquidación	Prazo	Tipo de xuro a aplicar	Anualidade teórica de amortización	Vencemento
BBVA	9555014584	148.659,38	Euríbor+0,98	Trimestral	4,42 anos	0,99%	34.416,17	2022
BBVA	60057342	500.000,00	Euríbor+0,65	Trimestral	5 anos	0,66%	101.741,54	2022
Deputación Provincial	PAI 2015	204.423,20	0,00%	Semestral	10 anos (amortización)	0,00%	20.442,32	2028
Deputación Provincial	PAI 2016	222.852,95	0,00%	Semestral	10 anos (amortización)	0,00%	22.285,30	2029
Deputación Provincial	POS 2017	223.040,21	0,00%	Semestral	10 anos (amortización)	0,00%	22.304,02	2028
Deputación Provincial	POS 2018	242.790,30	0,00%	Semestral	10 anos (amortización)	0,00%	24.279,03	2029
Proxectado		1.300.000,00	2,00%	Trimestral	10 anos (amortización) +1 ano de carencia	1,50%	62.454,26	2029
<b>Total</b>							<b>287.922,64</b>	

E, polo tanto, o cálculo do aforro neto que resultaría do orzamento de 2018 sería:

Cap	PI
1	2.646.090,62
2	43.391,94
3	1.536.993,16
4	3.207.364,46
5	1.000,00
<b>Total</b>	<b>7.434.840,18</b>

Ingresos extraordinarios	375.012,04
--------------------------	------------

<b>Ingresos correntes axustados</b>	<b>7.059.828,14</b>
-------------------------------------	---------------------

Cap	CI
1	2.697.815,39
2	3.748.337,11
4	248.106,06
<b>Total</b>	<b>6.694.258,56</b>

Ingresos correntes axustados-gastos correntes (1,2 e 4)	365.569,58
Anualidade teórica de amortización (Ata)	287.922,64
<b>Aforro neto (AN)</b>	<b>77.646,94</b>
AN/ingresos correntes axustados	<b>1,10%</b>

O aforro neto experimenta unha redución importante con respecto doutros exercicios, polo que hai que advertir para mellorar o seu valor a medio prazo:

- Inverter a tendencia de que os ingresos correntes crezan en menor proporción que os gastos correntes
- Proponse utilizar as próximas achegas de préstamo provincial para amortizar anticipadamente préstamo bancario, co fin de abaratar a carga financeira e non incrementar o endebedamento municipal. Faise moi necesario reducir endebedamento con achegas extraordinarias para compensar o incremento do endebedamento coa proxección do préstamo de 1.300.000 €.
- Incidir en maior medida na contención e utilización eficiente do gasto.

En relación cos cálculos tidos en conta no Plan de axuste, estes consideraban en lugar da anualidade teórica de amortización os gastos orzamentarios de xuros e amortización de capital do propio exercicio 2018. De acordo con este cálculo, o aforro neto a considerar aos efectos do Plan de axuste sería p

Cap	PI
1	2.646.090,62
2	43.391,94
3	1.536.993,16
4	3.207.364,46
5	1.000,00
<b>Total</b>	<b>7.434.840,18</b>

Ingresos extraordinarios	375.012,04
--------------------------	------------

<b>Ingresos correntes axustados</b>	<b>7.059.828,14</b>
-------------------------------------	---------------------

Cap	CI
1	2.697.815,39
2	3.748.337,11
4	248.106,06
<b>Total</b>	<b>6.694.258,56</b>

Ingresos correntes axustados-gastos correntes (1,2 e 4)	365.569,58
Capítulos 3 e 9	200.000,00
<b>Aforro neto (AN)</b>	<b>165.569,58</b>
<b>AN/Ing correntes (%)</b>	<b>2,35%</b>

O dato do aforro neto seguindo este criterio ascende a 165,57 miles € fronte á previsión de 1.462,07 miles € do Plan de axuste para o exercicio corrente. Non obstante, para o cumprimento dos ratios máximos aos efectos do endebedamento é suficiente con que sexa positivo. Sen prexuízo disto, esta Intervención pon énfase na necesidade de mellorar o dato do aforro a través de todas as variables que inflúen nel:

- Non ralentizar o crecemento dos ingresos correntes co fin de poder asumir a medio prazo nas obrigas que vaia contraer o concello con novos proxectos e servizos municipais.
- Conter o gasto corrente e manter o esforzo investidor en niveis sostibles.
- Reducir o endebedamento bancario.

Este é o meu informe e as recomendacións que considero necesarias e convenientes para unha mellora da situación financeira e orzamentaria desta Administración, sen prexuízo doutra opinión superior tanto en dereito, como no aspecto económico-financeiro.

### 3.3 Cuestións relativas ás competencias municipais de acordo coa LRSAL

#### Lei 27/2013, do 27 de novembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local establece un novo marco na determinación das competencias municipais, determinando unha serie de áreas ou materias nas que os municipios terán competencias propias, nos termos da lei sectorial correspondente. Así, a actuación do concello deberá suxeitarse á dita distribución de competencias, podendo exercer as propias e as atribuídas por delegación. O exercicio das competencias propias diferentes das propias e das delegadas esixe a tramitación do procedemento do art. 7.4 LBRL (introducido pola LRSAL), que persegue o obxectivo *unha Administración, unha competencia* e garantir a sostibilidade financeira dos entes locais. O literal deste precepto é o seguinte:

*“4. As Entidades Locais só poderán exercer competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da facenda municipal, de acordo cos requirimentos da lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira e non se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra Administración Pública. A estes efectos, serán necesarios e vinculantes os informes previos da Administración competente por razón da materia no que se sinala a inexistencia de duplicidades e da Administración que teña atribuída a tutela financeira sobre a sostibilidade financeira das novas*

competencias.

*En todo caso, o exercicio destas competencias deberá realizarse nos termos previstos na lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas”.*

### **Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL**

Con posterioridade á aprobación e entrada en vigor da LRSAL o Parlamento Galego aprobou a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local. Nela, a disposición adicional primeira regula as competencias atribuídas pola normativa autonómica ás entidades locais antes da entrada en vigor da LRSAL:

*“As competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local, continuarán exercéndoas, rexéndose pola dita lexislación ou, no seu caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais”*

Deste xeito, a normativa autonómica entende que a LRSAL non derroga o réxime de competencias atribuídos pola lexislación sectorial da Comunidade Autónoma e que a habilitación ás Entidades locais para o exercicio das ditas competencias segue vixente.

En canto ao exercicio de competencias diferentes das propias e das delegadas, o artigo 3.1 da Lei 5/2014, do 27 de maio, regulaas pero coa seguinte matización: **o exercicio de novas competencias polas entidades locais distintas das propias ou das delegadas**. Unicamente a estas (as novas competencias exercitadas) son ás que lles aplica os requisitos do artigo 7.4 LBRL. O artigo 3.3 define o que non se entende como o exercicio de novas competencias e, polo tanto, para o seu exercicio non se esixiría a tramitación do procedemento 7.4 LBRL.

En calquera caso, debe terse en conta o art. **7.3 LOEOSF que esixe que na actividade regulamentaria e administrativa da Administración local (igual que nas Administracións restantes) se valoren as repercusións sobre a estabilidade orzamentaria e a sostibilidade financeira.**

### **Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local**

O artigo 25 LBRL establece as seguintes competencias propias municipais nos termos da normativa sectorial estatal ou autonómica. **Deberá verificarse que a dita normativa sectorial atribúe as competencias que foron exercidas polo concello e que se reflicten nos conceptos facturados na relación anterior:**

O Concello de Rianxo non acada os 15.000 habitantes, polo que os servizos mínimos que correspóndelle prestar, de acordo co artigo 26 LBRL, son os seguintes:

- Alumeado público. O artigo 26 LBRL establece este servizo como mínimo e obrigatorio en todos os municipios. Acredítase a competencia neste servizo.
- Pavimentación de vías públicas. O artigo 26.1.a) LBRL establece estes servizos como mínimos e obrigatorios en todos os municipios. Acredítase a competencia neste servizo.

O artigo 25 LBRL establece as seguintes competencias propias municipais nos termos da normativa sectorial estatal ou autonómica. Deberá verificarse que a dita normativa sectorial atribúe as competencias que foron exercidas polo concello e que se reflicten nos conceptos facturados na relación anterior:

- Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do Patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.
- Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.
- Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre

En relación á asignación da competencia para a organización de campamentos urbanos por parte dos concellos, existen dúbidas para esta Intervención.

O artigo 27 Estatuto de Autonomía de Galicia prevé como competencia exclusiva da Comunidade Autónoma a seguinte materia:

*22. A promoción do deporte a axeitada utilización do ocio*

Por outra parte, a entrada en vigor da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local regula no seu artigo 3 as competencias das entidades locais distintas das propias e das atribuídas por delegación:

*"1. O exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación e cuxo exercicio non estivese delegado, só será posible cando non se poña en risco a sustentabilidade financeira do conxunto da Facenda municipal, de acordo cos requirimentos da lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e non se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra Administración Pública.*

*(...)*

*3. En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:*

*a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos"*

Dado que este campamento trátase dun servizo xa establecido, entra dentro dos servizos permitidos pola Lei 5/2014, do 27 de maio, independentemente da súa cualificación como competencia propia ou non.

- Promoción da cultura e equipamentos culturais
- Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos soares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.

Remítome á Nota Informativa da Secretaría sobre as competencias na área de Educación emitida o 17/10/2014. Resúmese no seguinte:

- Entre as modificacións introducidas pola LRSAL está a das competencias en materia de educación. A nova redacción do artigo 25.2.n) LBRL é: "Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos soares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia de edificios de titularidade local destinados a centros públicos de Educación Infantil, de Educación Primaria ou de Educación Especial"

Polo que a nota conclúe en que xa non existen as obrigas de construción, conservación e mantemento (limpeza e conserxería) de edificios que non sexan de titularidade local.

Por outra parte, a Lei Orgánica estatal 8/1985, reguladora do dereito á educación establece na súa DA 2ª que as Corporacións locais cooperarán coas administracións educativas competentes no marco da lexislación vixente, e non seu caso, nos termos que con elas acorden na creación, construción e mantemento dos centros públicos docentes así como no cumprimento da escolaridade obrigatoria.

- Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL. No relativo á competencia de Educación, hai que citar as DA 1ª e 4ª:

•DA 1ª: "As competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, (...) continuarán exercéndose elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais"

•DA 4ª: "Continuará prestándose polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela"

- A conclusión en relación á colaboración no mantemento e conservación de centros docentes públicos localizados en Rianxo pola Secretaría Municipal é:

"Os de titularidade municipal dedicados a Educación Infantil, Primaria e Especial serán obxecto de conservación e mantemento polo concello.

Os centros que non o sexan tamén serán obxecto de conservación e mantemento á vista do estipulado na disposición adicional 1ª e 4ª en atención á Lei 8/1985, posto que a normativa galega non concreta obriga ningunha en tal sentido.

En relación ao centro de día, remítome ao indicado no informe conxunto da Secretaría e Intervención no expediente de opción de compra do Pazo de Rianxiño do 28/05/2018 (2018/X999/000126):

*"Dado que a xestión dun centro de día supón o exercicio dunha nova competencia a partir da LRSAL e da Lei 5/2014, do 27 de maio, ao tratarse dunha competencia nin propia nin delegada, é preciso tramitar o procedemento previsto no artigo 7.4 da LBRL e no artigo 3 da Lei 5/2014, do 27 de maio: deben solicitarse os informes previos da Administración competente por razón da materia, na que se sinala a inexistencia de duplicidades e da Consellería de Facenda da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, sobre a sostibilidade financeira das novas competencias.*

*Asemade, o apartado 5 do artigo 3 da Lei 5/2014 establece que nos procedementos dirixidos ao establecemento do novo servizo, deberá incluírse unha memoria que xustifique:*

- O interese da entidade local nese servizo por afectar directamente ao círculo dos seus intereses*
- A capacidade de xestión da entidade local en relación coa forma concreta prevista da prestación do servizo*
- A relación de prestación e actividades en aplicación dos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia*
- A estrita suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira"*

#### **4. CONCLUSIÓNS**

Esta Intervención emite o seguinte informe, sen prexuízo doutra opinión superior en dereito. En canto á parte de fiscalización do informe emítese unha conclusión favorable coas seguintes consideracións:

- Non se cumpre a limitación do RD 861/1986 para o complemento específico, ao igual que nos exercicios anteriores. Os importes de complemento específico (salvo os relativos ao parágrafo anterior) son os vixentes en anos anteriores, coas actualizacións marcadas polas leis dos orzamentos xerais do Estado. Unha acomodación dos límites esixiría acordos en materia



retributiva. En calquera caso, non se prevé ningún tipo de consecuencia ante este incumprimento.

- Debe invertirse a tendencia de concesión directa de subvencións, tendo en conta o seu número e que seguen aumentando neste exercicio, e adoptar como regra xeral a concorrencia competitiva. A memoria da Alcaldía da unha xustificación sucinta de carácter global (e unha específica para a entidade que experimenta un maior incremento de subvención) e indica que a partir do ano que ven volverase á concesión de subvencións por concorrencia competitiva, con carácter xeral.

No tocante aos aspectos económicos ponse especial énfase no feito de que haberá programas de gasto que deberán incrementar a súa dotación orzamentaria para atender a todos os gastos ata final de ano. E reitéranse as seguintes recomendacións debido ao empeoramento do dato previsto do aforro neto:

- Non ralentizar o crecemento dos ingresos correntes co fin de poder asumir a medio prazo nas obrigas que vaia contraer o concello con novos proxectos e servizos municipais.
- Conter o gasto corrente e manter o esforzo investidor en niveis sostibles.
- Reducir o endebedamento bancario.

Rianxo, xoves 5 de xullo de 2018

A interventora, Patricia Fernández Pérez